

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E RADIO LUGO, S.A PARA A DIFUSIÓN INFORMATIVA DAS MEDIDAS E PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN A ADOPTAR POLA POBACIÓN NAS FASES DE DESESCALADA CONSECUENCIA DO COVID-19.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou con Radio Lugo, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para a colaboración técnica e económica entre a Axencia Turismo de Galicia e Radio Lugo, SA para a difusión dunha campaña informativa das medidas, pautas e protocolos de actuación a adoptar pola poboación nas diferentes fases de desescalada consecuencia do covid-19, a través da plataforma de comunicación da que dispón.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Entre os obxectivos básicos establecidos no artigo 2 dos seus Estatutos atópanse a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da mellora da competitividade das empresas turísticas e a mellora do posicionamento do turismo galego no panorama nacional e internacional.



O artigo 9 dos devanditos Estatutos, establece as funcións e competencias que ten atribuídas para acadar os citados obxectivos, entre as que se establece a planificación da política de ordenación e inspección, fomento e competitividade do turismo dentro da comunidade autónoma, o desenvolvemento e xestión de plans integrais de turismo, e o aproveitamento e potenciación dos recursos turísticos de Galicia mediante a promoción, publicidade, relacións públicas e outras accións de notoriedade que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que Radio Lugo, SA é un grupo de comunicación con implantación na Comunidade Autónoma de Galicia e, no marco das súas actividades, realiza un importante labor de comunicación e difusión social en diversos ámbitos.

Terceiro.- A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, considera de interese xeral para Galicia e especialmente para o sector turístico, unha adecuada divulgación entre a poboación das medidas e protocolos de seguridade postos en marcha polas administracións en todos os ámbitos para concienciar, educar e difundir entre a poboación a idea de Galicia como territorio seguro dado que unha das claves da fase de recuperación e o establecemento dunha nova normalidade é a conexión da aplicación das medidas de seguridade sanitaria coa recuperación dos mercados e da confianza dos turistas e consumidores.

Cuarto.- As dúas partes, que teñen intereses comúns e coincidentes, manifestan a súa vontade de colaborar mediante unha campaña de difusión e información a través dos medios de comunicación no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é a dar a coñecer aos galegos así como de todos os foráneos que se acheguen a nosa comunidade, as medidas hixiénico- sanitarias e pautas de actuación que debemos seguir nas diferentes situacións da vida cotiá e en cada fase de desescalada cara a normalidade e reforcen a idea de Galicia como destino turístico.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

